

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



**APROXIMACIÓN
Á
REALIDADE
SOCIOLINGÜÍSTICA
DO
IES do CASTRO**

**CURSO 2007-08
ENDL**

AMBIENTALIDADE DO GALEGO NO CENTRO

A presenza da lingua galega na documentación administrativa, no rotulado do centro, nas notas informativas dos taboleiros, etc. pode considerarse “ampla”, case “plena”.

O emprego da lingua galega nas interaccións co alumnado, coas familias e con outras institucións podemos situalo no tramo “moderado” cando se trata de comunicacións orais e no tramo “amplo”, case “pleno”, cando se trata de comunicacións escritas.

En contextos informais o emprego da lingua galega nas interaccións co alumnado está no tramo “moderado”.

O emprego da lingua galega por parte do persoal non docente do centro recóllese no apartado correspondente aos PAS cun 99.99 % resultado da suma de “máis galego” + “só galego”.

A ANPA emprega o galego “amplamente” nos seus escritos, comunicacións etc.

A lingua galega ten unha presenza “moderada” na realización das actividades extraescolares condicionada, as máis das veces, polo departamento que realiza a actividade.

A dotación de fondos en galego na biblioteca pode considerarse “aceptable”.

A lingua galega ten unha presenza que se pode considerar “moi boa” nas TICs (web do Instituto...).

ALUMNADO

No curso 1995-96, cando o noso centro tiña alumnado de 3º e 4º ESO, 1º de Bacharelato e COU, fíxose unha enquisa sobre “*Usos, conciencia e competencia lingüística do alumnado*” [a partir de agora **Enquisa/95**]. Co Proxecto Lingüístico en marcha e, despois de pasado tanto tempo, cumpría achegarse de novo á realidade lingüística do Instituto para facer unha nova radiografía e tomar decisións verbo da normalización o máis achegadas posible a esa realidade.

Durante o mes de maio fíxose unha enquisa anónima [vid. ANEXOS] a **508 alumnos e alumnas** do centro de todos os niveis.

O noso alumnado procede fundamentalmente do centro da cidade [vid. Anexos]. A presenza de alumnado inmigrante é, aproximadamente, dun 9 %, a maioría de orixe sudamericana e cunha residencia na cidade duns cantos anos.

A enquisa busca sobre todo concretar algúns datos que nos permitan unha aproximación á realidade sociolingüística do alumnado: competencia, actitudes, uso da lingua galega nos distintos ámbitos escolares, conciencia lingüística... Estes datos deberán completarse coa observación diaria e o correspondente contraste de opinións.

Lingua habitual do alumnado

%	Só castelán	Predomina o castelán	Castelán e galego por igual	Predomina o galego	Só galego
1º ESO	38.67	48.11	13.20	0	0
2º ESO	22.22	48.61	27.77	0	1.38
3º ESO	50.76	41.53	6.15	1.53	0
4º ESO	36.5	53.96	6.34	3.17	0
1º BACH.	34	57	8	0	1
2º BACH.	30.20	62.5	6.25	1.04	0
MEDIA	35.39	51.95	11.28	5.74	0.39
CASTELÁN/GALEGO	87.34			6.13	

Constátase un claro predominio do castelán como lingua habitual do alumnado cunha presenza testemuñal do galego. Esa diferenza é máis salientable se contrastamos “só castelán” + “predomina o castelán” [87.34 %] con “predomina o galego” + “só galego” [6.13%].

Na **Enquisa/95** un 90 % di utilizar “só castelán”+“máis castelán”, quedando un resto pouco significativo para os outros tramos: “mías galego”+“só galego” [2 %]; “castelán e galego por igual” [8 %]

Lingua habitual familiar

%	Só castelán	Predomina o castelán	Castelán e galego por igual	Predomina o galego	Só galego
1º ESO	41.34	34.61	13.46	8.65	0.96
2º ESO	31.5	35.61	23.28	6.84	2.73
3º ESO	40.32	32.25	14.51	8.06	4.83
4º ESO	35.48	40.32	9.67	9.67	4.83
1º BACH.	39.78	43.01	5.37	5.37	5.37
2º BACH.	31.25	50	13.54	2.08	3.12
MEDIA	36.61	39.3	13.30	6.77	4.44
CASTELÁN/GALEGO	75.91			11.21	

A presenza nas distintas familias de xeracións anteriores podería explicar a redución na presenza case exclusiva do castelán no ámbito familiar, o que viría a confirmar o dato tantas veces citado nos estudos sociolingüísticos da ruptura xeracional.

Na **Enquisa/95** un 78 % utilizaba “só castelán”+”máis castelán” e un 3 % “máis galego”+”só galego”. Utilizando “castelán e galego por igual” un 19 %.

Competencia lingüística en galego: expresión oral

%	Moi baixa	baixa	media	alta	Moi alta
1º ESO	3.12	4.16	42.70	35.41	5.2
2º ESO	0	16.66	40.27	33.33	9.72
3º ESO	1.36	13.69	38.35	35.61	10.95
4º ESO	6.25	7.81	48.43	29.68	7.81
1º BACH.	1.98	10.89	37.62	40.59	8.91
2º BACH.	1.16	9.3	36.04	45.34	8.13

Hai unha presenza satisfactoria da competencia lingüística na expresión oral pois, sumando “media” + “alta”, as porcentaxes son maioritarias. Como era de esperar, a medida que se avanza no nivel académico, parece asegurarse esta competencia lingüística.

Na **Enquisa/95** valora como satisfactoria a súa competencia lingüística na expresión oral en galego un 95 %.

Competencia lingüística en galego: expresión escrita

%	Moi baixa	baixa	media	alta	Moi alta
1º ESO	1.88	3.77	33.96	49.05	11.32
2º ESO	2.70	8.10	44.59	32.43	12.16
3º ESO	0	6.45	51.61	30.64	11.29
4º ESO	3.63	6.34	53.96	33.33	1.58
1º BACH.	3	12	41	39	5
2º BACH.	2.04	16.32	39.79	35.71	6.12

Resultados moi semellantes aos da expresión oral, aínda que salientan os resultados no nivel de Bacharelato: unha maior conciencia das limitacións e deficiencias?.

Un 96 % valora como satisfactoria a súa competencia lingüística na expresión escrita en galego na **Enquisa/95**.

Competencia lingüística en galego: comprensión oral

%	Moi baixa	baixa	media	alta	Moi alta
1º ESO	2.83	2.83	23.58	40.56	30.18
2º ESO	1.44	7.24	13.04	42.02	36.23
3º ESO	1.51	3.03	22.72	40.90	31.81
4º ESO	0	6.34	17.46	41.26	34.92
1º BACH.	3	1	10	44	42
2º BACH.	0	0	8.42	52.63	38.94

Aumenta a conciencia da competencia lingüística en galego na comprensión oral, cun avance significativo sumando “alta” + “moi alta”.

Competencia lingüística en galego: comprensión escrita

%	Moi baixa	baixa	media	alta	Moi alta
1º ESO	2.8	0.93	23.36	55.14	17.75
2º ESO	0	6.94	16.66	55.55	20.83
3º ESO	3.22	3.22	19.35	45.16	20.03
4º ESO	0	4.76	26.98	52.38	15.87
1º BACH.	2	3	17	49	29
2º BACH.	0	3.09	13.4	54.63	28.86

Concéntrase a competencia da comprensión escrita no ítem “alta”. Comparando os distintos ámbitos da competencia lingüística, esta é máis

favorable cando se trata das competencias pasivas (comprensión) e baixa nas activas (expresión).

Uso habitual do galego na aula (agás na clase de lingua galega)

Expresión oral					
%	nada	pouco	algo	bastante	moito
1º ESO	9.34	21.49	33.64	28.97	6.54
2º ESO	11.72	22.22	40.27	20.83	1.38
3º ESO	22.03	15.25	30.5	23.72	8.47
4º ESO	18.64	28.81	32.20	18.64	1.69
1º BACH.	21.78	26.73	39.6	8.91	2.97
2º BACH.	23.95	26.04	37.5	12.5	0
MEDIA	17.91	23.42	35.61	19.14	3.5
Expresión escrita					
%	nada	pouco	algo	bastante	moito
1º ESO	15.15	19.19	30.30	32.32	3.03
2º ESO	16.21	18.91	27.02	32.43	5.40
3º ESO	14.7	20.58	36.76	27.94	0
4º ESO	17.46	19.04	39.68	20.63	3.17
1º BACH.	10.89	26.73	24.75	26.73	10.89
2º BACH.	13.4	22.68	34.02	24.74	5.15
MEDIA	14.63	21.18	32.08	27.46	4.6

Pode verse como tende a equilibrarse o uso do galego na aula tanto na expresión escrita como na expresión oral. Se comparamos “*nada-pouco*” con “*bastante-moito*” incrementase algo máis o seu uso no caso da expresión escrita (exames, traballos...). Para unha maior precisión na interpretación dos datos habería que relacionalo coa presenza da *oferta positiva* na aula, lingua vehicular do profesorado, etc. etc.

Na **Enquisa/95** din utilizar na aula “máis galego”+“só galego” na expresión escrita un 5.5 %, “as dúas”, un 20 % e “só castelán”+“máis castelán”, un 74.5 %.

Uso habitual do galego no centro (fóra da aula)

%	nada	pouco	algo	bastante	moito
1º ESO	39.42	38.46	16.34	5.76	0
2º ESO	31.08	27.02	31.08	6.75	4.05
3º ESO	63.49	17.46	12.69	3.17	3.17
4º ESO	37.5	37.5	18.75	1.56	4.68
1º BACH.	40.19	29.41	21.56	4.9	3.92
2º BACH.	43.29	37.11	15.46	4.12	0
MEDIA	42.49	31.16	19.31	4.37	2.63
±castelán/±galego	73.65			7	

Hai un predominio claro do uso do castelán, aínda que, comparando co “uso habitual” da primeira táboa, diminúa un pouco, probablemente porque se incrementan as oportunidades de utilizar o galego.

Na **Enquisa/95** un 98 % di utilizar “só castelán”+”máis castelán”.

Actitude cara á utilización do galego como lingua vehicular do ensino

%	Moi desfavorable	desfavorable	indiferente	favorable	Moi favorable
1º ESO	16.36	10.90	32.72	26.36	13.63
2º ESO	5.33	8	46.66	24	16
3º ESO	13.23	16.17	41.17	17.64	11.76
4º ESO	14.51	24.19	30.64	17.74	12.9
1º BACH.	15.62	19.79	17.7	19.79	27.08
2º BACH.	7.21	15.46	37.11	27.83	12.37
MEDIA	12.04	15.75	34.33	22.22	15.62
+desfavorable/+favorable	27.79			37.84	

Nos datos globais repártense case por igual as proporcións [“*moi desfavorable-desfavorable*”: 27.79 % / “*indiferente*”: 34.33 % / “*favorable-moi favorable*”: 37.84 %].

Na **Enquisa/95** un 41 % prefiren “só castelán”+”máis castelán” como lingua vehicular, un 20 % “só galego”+”máis galego” e o resto, 39 %, as dúas.

Actitude cara á normalización social do galego

%	Moi desfavorable	desfavorable	indiferente	favorable	Moi favorable
1º ESO	13.08	10.28	30.84	27.10	18.69
2º ESO	4	2.66	40	30.66	22.66
3º ESO	7.14	14.28	42.85	20	15.71
4º ESO	6.45	6.45	35.48	33.87	17.74
1º BACH.	9.47	8.42	24.21	24.21	33.68
2º BACH.	3.15	7.36	25.26	37.89	26.31
MEDIA	7.21	8.24	33.10	28.95	22.46
+desfavorable/+favorable	15.45			51.41	

A actitude cara á normalización do galego noutros ámbitos diferentes aos do ensino incrementase a favor, aínda que cunhas porcentaxes significativas no ítem “*indiferente*”.

PROFESORADO

A enquisa ao profesorado foi contestada por **36 profesores e profesoras**. Participou o profesorado con certa estabilidade no centro polo que se descartou o profesorado substituto con poucos días de docencia no centro.

Lingua habitual do profesorado

Só castelán	Predomina o castelán	Castelán e galego por igual	Predomina o galego	Só galego
30.55	19.44	19.44	19.44	11.11
49.99			30.55	

A metade do profesorado ten como lingua habitual o castelán.

Lingua habitual na aula

Só castelán	Predomina o castelán	Castelán e galego por igual	Predomina o galego	Só galego	Outro
21.62	21.62	5.40	18.91	29.72	2.7
43.24			48.63		

Practicamente se equilibra o uso das dúas linguas na aula.

Na **Enquisa/95** o castelán, co 41.5 % era a lingua máis habitual na aula. O 18 % declaraba facer uso fundamentalmente do castelán. A presenza indistinta do galego e do castelán chega ao 15 %. A presenza exclusiva do galego anda no 20 %, e a utilización fundamentalmente do galego no 5 %.

Lingua habitual no centro

Só castelán	Predomina o castelán	Castelán e galego por igual	Predomina o galego	Só galego
22.22	22.22	19.44	13.88	22.22
44.44			36.04	

Unha situación case semellante á anterior cun predominio do castelán.

Na **Enquisa/95** o uso exclusivo do castelán representa o 24.4 % do total que se complementa cun 17.7 % que di utilizar fundamentalmente o castelán. O 31.1 % utiliza indistintamente o galego e o castelán. Emprega fundamentalmente o galego o 8.8 % e fai un uso exclusivo do galego un 18 %.

Competencia lingüística en galego: expresión oral

Moi baixa	baixa	media	alta	Moi alta
2.77	8.33	36.11	30.55	22.22
11.1			52.77	

Competencia lingüística en galego: expresión escrita

Moi baixa	baixa	media	alta	Moi alta
2.77	11.11	30.55	38.88	16.66
13.88			55.54	

Competencia lingüística en galego: comprensión oral

Moi baixa	baixa	media	alta	Moi alta
0	2.77	2.77	30.55	63.88
2.77			94.43	

Competencia lingüística en galego: comprensión escrita

Moi baixa	baixa	media	alta	Moi alta
2.77	0	2.77	38.88	55.55
2.77			94.43	

O salientable son as altas porcentaxes en favor das competencias lingüísticas pasivas (comprensión) e a diminución nas activas (expresión), cun significativo descenso na autoavaliación da expresión oral fronte á escrita.

Na **Enquisa/95** o 2.2 % do profesorado di non ter coñecemento algún do galego. Entende o galego falado e escrito o 20 %; a mesma porcentaxe entende o galego falado, escrito e pode falar en galego. O 13.4 % declara a súa competencia lingüística para comprender, ler, falar e escribir en galego. O 44.4 % confesa entender tanto o galego falado como escrito, e considera que ten competencia para falalo e escribilo, con coñecementos da súa historia, gramática etc.

Cursos de Lingua Galega

NINGÚN	INICIACIÓN	PERFECCIONAMENTO	LICENCIATURA	CELGA I
4.8	22.91	62.5	6.25	0
CELGA II	CELGA III	CELGA IV	CELGA V	OUTROS
0	4.8	0	0	4.16

Na **Enquisa/95** un 62.2 % fixera o Curso de Perfeccionamento, o 6.9 % o Curso de Iniciación, un 4.4 % o Curso de Especialización. Tiña a Licenciatura en galego un 4.4 %. Fixera outros estudos de galego un 6.6 % e non tiña formación algunha en galego un 15.5 %.

Actitude cara á utilización do galego como lingua vehicular do ensino

Moi desfavorable	desfavorable	indiferente	favorable	Moi favorable
5.55	16.66	13.88	25	38.88
22.21			63.88	

A este respecto hai que destacar a actitude favorable, bastante máis alta que a que mostra o alumnado [37.84 %].

Na **Enquisa/95** considera que o ensino debería ser “só en galego” un 13.3 %, “maioritariamente en galego”, un 28.8 %; “en galego e castelán”, o 53.5%; “maioritariamente en castelán”, un 0 % e “só en castelán”, un 0 %.

Actitude cara á normalización social do galego

Moi desfavorable	desfavorable	indiferente	favorable	Moi favorable
11.11	0	16.66	27.77	44.44
11.11			72.21	

En canto á normalización do galego noutros ámbitos da sociedade, incrementáanse as actitudes favorables respecto da táboa anterior.

**PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E
SERVIZOS (PAS)**

Do total de **8** persoas contestaron a enquisa **3**. Aínda que os datos poden ser relativamente significativos, non renunciámos a traballar con eles polo que poidan ter de tendencias, actitudes...

Lingua habitual

Só castelán	Predomina o castelán	Castelán e galego por igual	Predomina o galego	Só galego
0	25	50	25	0
25			25	

Tendencia a un uso equilibrado, con desviacións de porcentaxes iguais en favor do galego e/ou do castelán.

Lingua habitual no centro

Só castelán	Predomina o castelán	Castelán e galego por igual	Predomina o galego	Só galego
0	0	0	66.66	33.33
0			99.99	

Pode interpretarse que unha maior presenza do galego na actividade administrativa e de servizos condiciona as porcentaxes.

Competencia lingüística galego: expresión oral

Moi baixa	baixa	media	alta	Moi alta
0	0	33.33	66.66	0
0			66.66	

Competencia lingüística en galego: expresión escrita

Moi baixa	baixa	media	alta	Moi alta
0	33.33	0	66.66	0
33.33			66.66	

Competencia lingüística en galego: comprensión oral

Moi baixa	baixa	media	alta	Moi alta
0	0	0	33.33	66.66
0			99.99	

Comprensión lingüística en galego: comprensión escrita

Moi baixa	baixa	media	alta	Moi alta
0	0	33.33	66.66	0
0			66.66	

A tendencia na competencia lingüística é moi semellante á dos ámbitos anteriores. Porcentaxes máis altas nas competencias pasivas, que baixan algo nas competencias activas. Así mesmo, na oralidade as porcentaxes en favor do galego son mellores que na expresión/compreensión escrita.

Actitude cara á utilización do galego no centro

Moi desfavorable	desfavorable	indiferente	favorable	Moi favorable
0	0	0	66.66	33.33
0			99.99	

Actitude cara á normalización social do galego

Moi desfavorable	desfavorable	indiferente	favorable	Moi favorable
0	0	0	66.66	33.33
0			99.99	

Tanto no ámbito educativo como nos demais ámbitos a actitude móstrase favorable.

ANEXOS



ENQUISA ALUMNADO

NIVEL: [] 1º ESO [] 2º ESO [] 3º ESO [] 4º ESO [] 1º BACHARELATO [] 2º BACHARELATO

1. Lingua habitual do/a alumno/a

[] 1. Só castelán [] 2. Predomina o castelán [] 3. Castelán e galego por igual
[] 4. Predomina o galego [] 5. Só galego

2. Lingua habitual familiar

[] 1. Só castelán [] 2. Predomina o castelán [] 3. Castelán e galego por igual
[] 4. Predomina o galego [] 5. Só galego

3. Competencia lingüística en galego

3.1 expresión oral

[] 1. moi baixa [] 2. baixa [] 3. media [] 4. alta [] 5. moi alta

3.2 expresión escrita

[] 1. moi baixa [] 2. baixa [] 3. media [] 4. alta [] 5. moi alta

3.3 comprensión oral

[] 1. moi baixa [] 2. baixa [] 3. media [] 4. alta [] 5. moi alta

3.4 comprensión escrita

[] 1. moi baixa [] 2. baixa [] 3. media [] 4. alta [] 5. moi alta

4. Uso habitual do galego na aula (agás na clase de lingua galega)

4.1 expresión oral

[] 1. nada [] 2. pouco [] 3. algo [] 4. bastante [] 5. moito

4.2 expresión escrita

[] 1. nada [] 2. pouco [] 3. algo [] 4. bastante [] 5. moito

5. Uso habitual do galego no centro (fóra da aula)

[] 1. nada [] 2. pouco [] 3. algo [] 4. bastante [] 5. moito

6. Actitude cara á utilización do galego como lingua vehicular do ensino

[] 1. moi desfavorable [] 2. desfavorable [] 3. indiferente [] 4. favorable [] 5. moi favorable

7. Actitude cara á normalización social do galego

[] 1. moi desfavorable [] 2. desfavorable [] 3. indiferente [] 4. favorable [] 5. moi favorable

ENQUISA PROFESORADO

1. Lingua habitual

1. Só castelán 2. Predomina o castelán 3. Castelán e galego por igual
 4. Predomina o galego 5. Só galego

2. Lingua habitual na aula

1. Só castelán 2. Predomina o castelán 3. Castelán e galego por igual
 4. Predomina o galego 5. Só galego

3. Lingua habitual no centro

1. Só castelán 2. Predomina o castelán 3. Castelán e galego por igual
 4. Predomina o galego 5. Só galego

4. Competencia lingüística en galego

a. expresión oral

1. moi baixa 2. baixa 3. media 4. alta 5. moi alta

b. expresión escrita

1. moi baixa 2. baixa 3. media 4. alta 5. moi alta

c. comprensión oral

1. moi baixa 2. baixa 3. media 4. alta 5. moi alta

d. comprensión escrita

1. moi baixa 2. baixa 3. media 4. alta 5. moi alta

5. Cursos de Lingua Galega

1. Ningún 2. Iniciación 3. Perfeccionamento 4. Licenciatura
 5. CELGA I 6. CELGA II 7. CELGA III 8. CELGA IV 9. CELGA V

6. Actitude cara á utilización do galego como lingua vehicular do ensino

1. moi desfavorable 2. desfavorable 3. indiferente 4. favorable 5. moi favorable

7. Actitude cara á normalización social do galego

1. moi desfavorable 2. desfavorable 3. indiferente 4. favorable 5. moi favorable

ENQUIA PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

8. Lingua habitual

1. Só castelán 2. Predomina o castelán 3. Castelán e galego por igual
 4. Predomina o galego 5. Só galego

9. Lingua habitual no centro

1. Só castelán 2. Predomina o castelán 3. Castelán e galego por igual
 4. Predomina o galego 5. Só galego

10. Competencia lingüística en galego

10.1 expresión oral

1. moi baixa 2. baixa 3. media 4. alta 5. moi alta

10.2 expresión escrita

1. moi baixa 2. baixa 3. media 4. alta 5. moi alta

10.3 comprensión oral

1. moi baixa 2. baixa 3. media 4. alta 5. moi alta

10.4 comprensión escrita

1. moi baixa 2. baixa 3. media 4. alta 5. moi alta

11. Actitude cara á utilización do galego no centro

1. moi desfavorable 2. desfavorable 3. indiferente 4. favorable 5. moi favorable

12. Actitude cara á normalización social do galego

1. moi desfavorable 2. desfavorable 3. indiferente 4. favorable 5. moi favorable

ENQUISA SOBRE A AMBIENTALIDADE DO GALEGO NO CENTRO

1. **Presenza da lingua galega na documentación administrativa, no rotulado do centro, nas notas informativas dos taboleiros, etc.**

[] 1. ningunha [] 2. escasa [] 3. moderada [] 4. ampla [] 5. plena

2. **Emprego da lingua galega nas interaccións co alumnado, coas familias e con outras institucións**

[] 1. ningún [] 2. escaso [] 3. moderado [] 4. amplo [] 5. pleno

3. **Emprego da lingua galega nas interaccións co alumnado en contextos informais**

[] 1. ningún [] 2. escaso [] 3. moderado [] 4. amplo [] 5. pleno

4. **Emprego da lingua galega por parte do persoal non docente do centro**

[] 1. ningún [] 2. escaso [] 3. moderado [] 4. amplo [] 5. pleno

5. **Emprego da lingua galega por parte da ANPA**

[] 1. ningún [] 2. escaso [] 3. moderado [] 4. amplo [] 5. pleno

6. **Emprego da lingua galega na realización de actividades extraescolares**

[] 1. ningún [] 2. escaso [] 3. moderado [] 4. amplo [] 5. pleno

7. **Dotación de fondos en galego na biblioteca**

[] 1. moi deficiente [] 2. deficiente [] 3. aceptable [] 4. boa [] 5. moi boa

8. **Presenza da lingua galega na utilización das TIC**

[] 1. moi deficiente [] 2. deficiente [] 3. aceptable [] 4. boa [] 5. moi boa